

OUTUBRO  
2023



### IMOS EMPEZAR CATEQUESE:

XOVES DÍA 19 ÁS 4'00 EN FORNELOS NEN@S DE PRIMARIA

VENRES DÍA 20 ÁS 4'30 EN FORNELOS MOZ@S DE SECUNDARIA

SÁBADO DÍA 21 ÁS 4'15 EN MOSCOSO NEN@S E MOZ@S

### IMOS EMPEZAR ENSAIOS DE GUITARRA:

VENRES DÍA 21 ÁS 8'00 NA REITORAL DE FORNELOS

### ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos o xoves día 19 de dez a doce da mañá

### Entrega do XI Premio de poseía MANUEL LUEIRO REY

DOMINGO DÍA 1 ÁS 12:00

NO MULTIUSOSOS DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

### Xornada da prehistoria e arqueoloxía experimental Ano 1 en Fornelos

ORGANIZA A ASOCIACIÓN CONCILIO DE PORTALÉN

Sábado 7 de outubro todo o día

Mais información en [conciliodeportalen@gmail.com](mailto:conciliodeportalen@gmail.com)



**"Un contiño para vivir"****"A caverna ou o coñecemento?"**

Conta o mito que as almas humanas estamos prisioneiras dun corpo ou caverna, escura como a noite e na que, a falta de luz, vivimos en sombra soñando que vivimos nun mundo que é todo de sombras e de soños. O peor é que as almas non parecen apetecer máis que esa vida ignorante e infrahumana.

Pero se algunha delas, pola forza doutro ou a da súa propia coraxe, liberácese, vería a orixe daquelas sombras, e o lume que as alumea, e comprendería que o que sabía e quería antes non era máis que copia do que agora descobre digno de querer e ver. Pero se, unha vez espertada das sombras polo seu asombro, segue esforzadamente camiño arriba e sae fóra da gruta, os seus ollos quedaránselle inútiles de tanta luz, e só poderá guiarse xa pola razón. E descubrirá alí que aquelas cousas que asombraron os seus ollos non son máis que copias destoutas que agora iluminan a súa intelixencia.

Sabería entón, ao pasar da noite dos sentidos ao día da razón, que este novo mundo é máis celeste, amable, bo e verdadeiro, pois nel habitan a luz, a beleza, a bondade e a verdade puras, sen corpo nin tempo, perfectas en si mesmas, fillas todas da Perfección que, como un Sol, a todo ilumina e fai ser e vivir. Cando isto comprende a alma compréndese a si mesma e queda comprendida e unida alí no máis alto, como unha máis entre as Ideas, xusto alí onde está o seu asollado fogar.

E	G	R	A	Z	A	S	Y	U	K
E	M	P	A	N	A	D	A	D	F
U	A	S	S	P	L	L	O	F	A
S	H	S	J	A	Ñ	M	B	V	M
D	T	J	T	Z	E	B	N	M	E
E	G	I	O	A	I	F	O	G	N
U	T	R	Y	U	Ñ	W	S	P	A
S	A	A	M	O	R	A	X	L	S

Busca e atopa as palabras:  
paz, amor, amén, grazas, deus

**SANTO PARA O MES,  
en outubro, o día 9:  
ABRAHÁN**

Nome de orixe hebrea que significa "pai superior", "pai de moitos pobos", "pai das xentes".

Abrahán foi o gran patriarca da Biblia, oitavo descendente de Sem, naceu arredor do 2000 a. C. na cidade caldea de Ur, sendo considerado o primeiro persoaxe histórico dese libro sagrado.

Segundo a Biblia, Iavé púxolle este nome despois da proba do sacrificio do seu fillo Isaac, en honor ao seu destino, pois díxolle Deus "dende agora chamaraste Abrahán por seres pai de moitos pobos.

CONSELLO



"Cando todos te abandonan  
Deus quédase contigo"

Mahatma Gandhi



# DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE



## (1 DE OUTUBRO) Xornada Mundial das persoas de idade.



Esta celebración foi promovida pola Organización das Nacións Unidas dende 1991 e ten como obxectivo promover políticas e programas públicos centrados nas persoas da terceira idade para que estas permanezan moito máis tempo activas dentro da sociedade.

Este día representa unha gran oportunidade de compartir con nosos pais ou avós, aprender deles, darlles cariño, pero sobre todo recordarlles que eles aínda son útiles para o mundo. É importante adicarlles un pouco de noso tempo para axudarlles no que necesiten.

### Sabías que ...?

- Está previsto que o número de persoas de 65 anos ou máis en todo o mundo se duplique, pasando de 761 millóns en 2021 a 1600 millóns en 2050. O número de persoas de 80 anos ou máis está medrando aínda máis rápido.
- En todo o mundo, espérase que os bebés nados en 2022 vivan 71,7 anos de media, 25 anos máis que os nados en 1950.
- As mulleres tenden a vivir máis que os homes, e polo tanto, representan a maior parte da poboación de idade avanzada. En 1950 as mulleres podían chegar a vivir case catro anos máis que os homes en todo o mundo. En 2021 a diferenza entre ambos aumentara a máis de cinco anos.

### O Papa Francisco: As persoas maiores



“A amizade cunha persoa maior axuda a unha nova a non reducir a vida ao presente e a recordar que non todo depende das súas capacidades. Para os máis anciáns, en cambio, a presenza dunha persoa nova dálles esperanza de que todo o que viviron non se perderá e que os seus soños poden realizarse”.

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE OUTUBRO

DÍA 1	LECTURA	Flp 2, 1-5	Tede entre vós as mesmas actitudes de Cristo
	EVANXEO	Mt 21, 28-32	Vós, nin vos arrepentistes nin crestes
DÍA 8	LECTURA	Flp 4, 6-9	Facede ben, e o Deus da paz irá con vós
	EVANXEO	Mt 21, 33-43	O Reino daráselle a un pobo que produza froitos
DÍA 15	LECTURA	Is 25, 6-10a	Fará festa o Señor e enxugará todas as bágoas
	EVANXEO	Mt 22, 1-10	Todos convidados ao banquete do Señor
DÍA 22	LECTURA	1 Tes 1, 1-5b	O evanxeo non quedou en palabras
	EVANXEO	Mt 22, 15-21	Ao Cesar o do Cesar, e a Deus o de Deus
DÍA 29	LECTURA	Ex 22, 20-26	Non asoballarás
	EVANXEO	Mt 22, 34-40	Amarás a Deus e ao próximo